



1
2 **DECRETO .../2010 de ... de ..., polo que se establece o**
3 **Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da**
4 **Comunidade Autónoma de Galicia.**

5
6 A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os
7 principios xerais que debe rexer o sistema educativo e dedica os artigos
8 59, 60, 61 e 62 á ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime
9 especial.

10
11 Así mesmo, o Consello de Europa emitiu recomendacións mediante o
12 Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), para
13 que a aprendizaxe de idiomas e a súa certificación se organicen nunha
14 serie de niveis comúns ordenados en graos de competencia lingüística
15 progresivamente máis amplos, e ligados a distintos contextos sociais de
16 uso da competencia comunicativa.

17
18 En consonancia co disposto no artigo 6.2 da dita Lei Orgánica 2/2006, de
19 3 de maio, de Educación, e coas indicacións do Marco Común Europeo,
20 o goberno fixou no Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro, os
21 aspectos básicos do currículo que constitúen as respectivas ensinanzas
22 mínimas nos niveis intermedio e avanzado que se impartirán nas Escolas
23 Oficiais de Idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir
24 a validez dos certificados correspondentes.

25
26 O Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, aprobou o calendario de
27 aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecendo as
28 datas nas que se implantarían as ensinanzas de idiomas de réxime
29 especial, debéndose rematar a súa implantación no curso 2008-2009 coa
30 incorporación do nivel avanzado.

31
32 En consecuencia, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu os
33 currículos dos niveis básico, intermedio e avanzado tendo como referente
34 este marco europeo, coa finalidade de darlles transparencia e validez aos
35 certificados das Escolas Oficiais de Idiomas en todos os ámbitos, tanto
36 académicos e profesionais coma nacionais e europeos.

37
38 Así, o Decreto 191/2007, do 20 de setembro, estableceu a ordenación
39 das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis
40 básico e intermedio en Galicia, e contextualizou a ordenación das novas
41 ensinanzas de idiomas de réxime especial, de implantación nas escolas
42 oficiais de idiomas a partir do curso académico 2007/2008.

43



44 Posteriormente, coa publicación do Decreto 239/2008, do 25 de
45 setembro, estableceuse o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de
46 réxime especial de idiomas para Galicia, que se implantou nas Escolas
47 Oficiais de Idiomas a partir do curso académico 2008/2009.

48

49 Cómpre pois, dadas as características singulares das Escolas Oficiais de
50 Idiomas, dotalas tamén dun marco de organización, funcionamento e
51 goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten
52 ensinanzas de réxime xeral. Isto implica que as Escolas Oficiais de
53 Idiomas precisen dunha regulación específica que lles permita poñer en
54 marcha dinámicas de funcionamento propias, nas que concreten tanto os
55 aspectos relacionados co seu goberno e administración coma aqueles de
56 tipo organizativo que permitan realizar de maneira singular as actividades
57 académicas, de formación ao longo da vida e culturais e de promoción
58 dos idiomas propias destas escolas.

59

60 É, pois, a finalidade do presente Decreto regular a nivel autonómico os
61 criterios comúns para a organización e funcionamento das Escolas
62 Oficiais de Idiomas, dentro do marco de autonomía tanto no pedagógico,
63 a través da elaboración dos seus proxectos educativos, como no que
64 respecta á xestión económica dos recursos e á súa organización,
65 mediante a programación xeral anual e a elaboración das súas propias
66 normas, tal como se lles recoñece a estas escolas, no capítulo II do título
67 V da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

68

69 Igualmente, o presente Decreto, coa finalidade de garantir a calidade e
70 promover a excelencia das Escolas Oficiais de Idiomas, establece a
71 realización de avaliacións internas, por parte de cada escola, e externas,
72 baixo a responsabilidade da Consellería competente en materia de
73 educación, destinadas a pescudar o nivel de logros destes centros
74 docentes públicos de acordo cos requirimentos sociais de formación en
75 idiomas. A información obtida mediante estas avaliacións ha permitir
76 determinar os elementos que actúan sobre a eficiencia e a eficacia das
77 Escolas Oficiais de Idiomas para, en consecuencia, ratificalos,
78 modificalos ou substituílos coa finalidade de asegurar a calidade destas.

79

80 Así, coa finalidade de lograr nas escolas oficiais de idiomas actuacións
81 de excelencia, por unha parte este decreto establece medidas de
82 coordinación entre o profesorado e promove a utilización das tecnoloxías
83 da información e a comunicación e, pola outra, a Consellería competente
84 en materia de educación fomentará a formación do profesorado de
85 idiomas establecendo programas específicos para tal fin.

86



87 De conformidade co exposto, e por proposta do Conselleiro de
88 Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade
89 outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da
90 Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de
91 outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das
92 mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de
93 acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de
94 deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día... de
95 ... dous mil dez,

DISPOÑO:

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Disposicións preliminares

Artigo 1º Obxecto e ámbito de aplicación

Este decreto establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 2º Carácter e ensinanzas das Escolas oficiais de idiomas .

1. As escolas oficiais de idiomas dependentes da Consellería competente en materia de educación son centros docentes públicos que imparten ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas no artigo 59 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Nestas escolas fomentárase especialmente o estudo das linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilitarase o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas presenten un interese especial.

2. Igualmente, e segundo o establecido no artigo 60.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poderanse impartir nestas escolas cursos para a actualización e o perfeccionamento de competencias en idiomas, e para a formación do profesorado e outros colectivos profesionais, de acordo co que a tales efectos determine a Consellería competente en materia de educación.

3. As ensinanzas ás que se refire o apartado 1, poderán impartirse en réxime oficial, para as modalidades presencial, semipresencial e a distancia ou en réxime libre para concorrer ás probas de certificación dos distintos niveis das ensinanzas de idiomas, de acordo co que se estableza para o efecto pola Consellería competente en materia de educación.

4. A autorización e modificación das ensinanzas e da oferta formativa



130 que se impartan nas escolas oficiais de idiomas correspóndelle á
131 Consellería competente en materia de educación.

132

133 **Artigo 3º. Creación, denominación e supresión das escolas oficiais**
134 **de idiomas**

135 1. A creación e supresión das escolas oficiais de idiomas
136 correspóndelle ao Goberno da Xunta de Galicia mediante decreto, por
137 proposta do titular da Consellería competente en materia de educación.

138 2. Os centros públicos que impartan as ensinanzas de idiomas
139 establecidas no artigo 59 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de
140 Educación denominaranse xenericamente «Escolas Oficiais de Idiomas».

141 3. As escolas oficiais de idiomas poderán ter unha denominación
142 específica que aprobará a Consellería competente en materia de
143 educación, por proposta do consello escolar da escola.

144 4. Non poderán existir na mesma localidade escolas oficiais de idiomas
145 coa mesma denominación específica.

146 5. Todas as escolas oficiais de idiomas utilizarán a denominación
147 xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos, e, en
148 xeral, sempre que se utilice o nome da escola.

149 6. En todas as escolas oficiais de idiomas figurará na fachada do
150 edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións:
151 «Xunta de Galicia», a denominación específica da Consellería
152 competente en materia de educación e a denominación da escola.
153 Tamén poderá figurar o escudo e o nome do concello no que estea
154 situada a escola.

155 7. Todas as escolas oficiais de idiomas terán un sitio web coa mesma
156 imaxe corporativa co fin de conseguir unha maior proxección exterior e
157 potencialo como canal de información da súa actividade.

158

159 **Artigo. 4º. Seccións das escolas oficiais de idiomas**

160 1. As seccións das escolas oficiais de idiomas son extensións destas
161 localizadas en instalacións fóra das propias escolas, na mesma ou en
162 distinta localidade. Nestas seccións poderanse impartir todas as
163 ensinanzas das escolas oficiais de idiomas.

164 2. A Consellería competente en materia de educación poderá crear,
165 transformar e suprimir seccións de escolas oficiais de idiomas nas
166 localidades nas que sexa conveniente por necesidades de planificación
167 educativa.

168 3. Estas seccións poderán estar localizadas en institutos de educación
169 secundaria e noutras instalacións que reúnan condicións adecuadas para
170 a impartición das ensinanzas de idiomas.

171 4. Cada sección dependerá para todos os efectos da escola oficial de
172 idiomas que determine a Consellería competente en materia de



173 educación.

174

175

TÍTULO II: ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.

176

177

178

Capítulo I.- Órganos de goberno unipersoais

179

Artigo. 5º. Órganos unipersoais.

181 1. Son órganos de goberno unipersoais en todas as escolas oficiais de
182 idiomas a dirección, a xefatura de estudos e a secretaría.

183 2. Establecerase unha vicedirección naquelas escolas que contén cun
184 número mínimo de setecentos cincuenta estudantes matriculados na
185 modalidade presencial.

186 3 As seccións terán unha xefatura de estudos, adxunta á xefatura de
187 estudos da escola que corresponda.

188

Artigo. 6º. O equipo directivo

190 O equipo directivo é o órgano executivo da escola. Está integrado polos
191 órganos unipersoais de goberno que traballarán de forma coordinada
192 para lograr os obxectivos do proxecto educativo e a calidade e
193 excelencia da oferta formativa.

194

195

Sección primeira. Dirección

196

Artigo. 7º. Selección, nomeamento e cesamento

198 1. A selección, nomeamento e cesamento das direccións das escolas
199 oficiais de idiomas axustaranse ao establecido na normativa vixente.

200 2. A dirección da escola cesará nas súas funcións ao final do seu
201 mandato ou ao producirse algunha das seguintes causas:

202 a) Renuncia motivada aceptada pola xefatura territorial da Consellería
203 competente en Educación.

204 b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a
205 situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou
206 forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación
207 vixente.

208 c) Cesamento pola xefatura territorial da Consellería competente en
209 Educación logo de proposta de revogación, motivada e acordada por
210 maioría de dous terzos do consello escolar.

211 d) Incapacidade física ou psíquica sobrevida.

212 3. A dirección, cando incumpra gravemente coas súas obrigas, poderá
213 ser cesada ou suspendida de funcións pola xefatura territorial da
214 Consellería competente en Educación, logo do informe razoado do
215 consello escolar da escola, do informe da inspección educativa e da



216 audiencia da persoa interesada.
217 4. Cando se produza o cesamento da dirección con anterioridade ao
218 remate do seu mandato, por calquera das causas enumeradas nos
219 apartados anteriores, a xefatura territorial da Consellería competente en
220 Educación nomeará un director ou directora con carácter accidental e ata
221 o 30 de xuño, oído o Claustro e o Consello escolar.

222 5. En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións da
223 dirección desempeñará as súas funcións, con carácter accidental, a
224 vicedirección e, no caso de que non exista tal órgano, a xefatura de
225 estudos.

226

227 **Artigo. 8º. Competencias.**

228 As competencias da dirección son:

229 1. De representación.

230 a) Ostentar e exercer a representación oficial da escola.

231 b) Representar oficialmente na escola a Consellería competente en
232 materia de educación, sen prexuízo das atribucións das demais
233 autoridades educativas, e facerlle chegar a esta as propostas,
234 aspiracións e necesidades da comunidade educativa.

235 2. De dirección e coordinación.

236 a) Cumprir e garantir o cumprimento da normativa vixente.

237 b) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito á escola e exercer as
238 súas atribucións en materia disciplinaria ao alumnado de acordo coas
239 disposicións aplicables.

240 c) Elaborar e redactar xunto co resto do equipo directivo, e vistas as
241 propostas do claustro e do consello escolar os distintos documentos
242 de autonomía pedagóxica e de xestión da escola, e darlle traslado,
243 cando corresponda, á Consellería competente en materia de
244 Educación.

245 d) Dirixir e coordinar todas as actividades da escola cara a
246 consecución e desenvolvemento do proxecto educativo e da
247 programación xeral anual, establecendo medidas para garantir a
248 igualdade entre mulleres e homes.

249 e) Convocar e presidir os actos académicos así como as reunións dos
250 órganos de goberno e de coordinación docente.

251 f) Garantir a execución dos acordos dos órganos colexiados no ámbito
252 da súa competencia.

253 g) Propoñer á Consellería competente en materia de Educación o
254 nomeamento e cesamento dos restantes membros do equipo directivo
255 debendo informar ao claustro e ao consello escolar.

256 h) Nomear as xefaturas dos departamentos de idiomas así como aos
257 responsables das distintas coordinacións docentes de acordo co
258 establecido neste regulamento.



- 259 i) Designar, cando cumpra, profesorado de apoio ao desenvolvemento
260 e administración das probas que se realicen na escola.
261 j) Redistribuír temporalmente, por causa motivada, as funcións dos
262 diferentes membros do equipo directivo co fin de acadar unha maior
263 eficacia na xestión da escola.
264 3. De información e avaliación.
265 a) Garantir o coñecemento e dispoñibilidade da información aos
266 diferentes sectores da comunidade educativa sobre os seus dereitos e
267 deberes, así como daqueloutra que permita ao alumnado o
268 coñecemento da organización da escola e a súa participación activa
269 na vida académica e cultural desta.
270 b) Promover e impulsar a avaliación interna da escola e os plans de
271 innovación educativa, así como colaborar coa Consellería competente
272 en materia de Educación nas avaliacións externas e na avaliación da
273 función pública docente.
274 4. De réxime económico e administrativo
275 a) Visar as certificacións e os documentos oficiais da escola, realizar
276 as contratacións de obras, servizos e subministros, e facer o seu
277 seguimento, así como autorizar e supervisar os gastos e ordenar os
278 pagamentos de acordo co orzamento asignado e as disposicións
279 vixentes.
280 b) Calquera outra encomendada pola Consellería competente en
281 materia de Educación no ámbito das súa competencias.
282

283 **Sección segunda. Vicedirección, Xefatura de estudos e Secretaría**

284 **Artigo 9º. Competencias da vicedirección.**

- 285 1. É competencia da vicedirección:
286 a) Substituír a dirección en caso de ausencia, enfermidade ou
287 suspensión de funcións desta.
288 b) Por delegación da dirección, organizar e supervisar a xestión da
289 información xeral aos diferentes sectores da comunidade educativa, en
290 especial, ao profesorado e ao alumnado.
291 c) Por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión do
292 sitio web da escola.
293 d) Por delegación da dirección, promover e organizar os plans de
294 avaliación interna da escola, e colaborar, cando cumpra, na avaliación
295 externa e da función pública docente.
296 e) Coordinar o equipo de recursos multimedia e biblioteca, e de
297 actividades culturais e de promoción de idiomas.
298 f) Impulsar e organizar a participación do alumnado na actividade
299 cultural da escola.
300 g) Impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e
301



- 302 os espazos de autoaprendizaxe.
303 h) Responsabilizarse do desenvolvemento dos plans de innovación e
304 investigación educativa así como dos proxectos europeos.
305 i) Coordinar as actividades de formación para o profesorado da escola,
306 propoñendo e impulsando a súa participación nun plan de formación.
307 j) Asistir ás reunións da Comisión de coordinación pedagóxica.
308 k) Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito das
309 súa competencia.
310 2. Cando non exista vicedirección, asumirá con carácter xeral as súas
311 funcións a xefatura de estudos.

312

313 **Artigo 10º. Competencias da Xefatura de estudos**

314 É competencia da Xefatura de estudos:

- 315 a) Cando non exista vicedirección, asumir as funcións establecidas
316 para ese órgano unipersoal.
317 b) Por delegación da dirección, exercer a xefatura do profesorado e do
318 alumnado en relación ao réxime académico e disciplinario.
319 c) Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do
320 profesorado e a actividade académica do alumnado.
321 d) Coordinar as actividades das xefaturas de departamento, das
322 titorías e das distintas coordinacións que se desenvolvan na escola.
323 e) Elaborar, co resto do equipo directivo, o horario académico do
324 alumnado e do profesorado, garantindo a aplicación de criterios
325 pedagóxicos e organizativos establecidos polo claustro e que
326 respondan exclusivamente ás necesidades de formación do alumnado.
327 f) Organizar, coordinar e supervisar todas as actividades e probas de
328 avaliación.
329 g) Cando a escola teña seccións adscritas, supervisar a súa
330 organización e funcionamento xunto coa xefatura de estudos ou, se é
331 o caso, coa coordinación da sección.
332 h) Establecer medidas para atender calquera eventualidade que incida
333 no normal funcionamento da escola.
334 i) Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito das
335 súas competencias

336

337 **Artigo. 11º. Competencias da Secretaría**

338 É competencia da secretaria:

- 339 a) Ordenar o réxime administrativo da escola, de conformidade coas
340 instrucións da dirección.
341 b) Por delegación da dirección, organizar e supervisar a actividade e
342 funcionamento do persoal de administración e servizos.
343 c) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno,
344 levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe da



- 345 dirección.
- 346 d) Expedir as certificacións que se soliciten.
- 347 e) Elaborar o anteproxecto de orzamento da escola de acordo coas
- 348 directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
- 349 f) Realizar a contabilidade e presentar contas ante o consello escolar e
- 350 as autoridades correspondentes.
- 351 g) Elaborar e actualizar o inventario xeral da escola coa colaboración
- 352 das xefaturas de departamento e as coordinacións que corresponda.
- 353 h) Custodiar e supervisar a conservación do equipamento e material
- 354 didáctico da escola en colaboración coas xefaturas de departamento e
- 355 coas coordinacións que corresponda.
- 356 i) Custodiar os libros, arquivos e bases de datos da escola.
- 357 j) Supervisar a conservación, mantemento, limpeza e vixilancia do
- 358 edificio da escola.
- 359 k) Dar a coñecer e difundir a información sobre normativa, disposicións
- 360 legais e asuntos de interese profesional e académico de relevancia
- 361 para a toda a comunidade educativa.
- 362 l) Por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión da
- 363 correspondencia electrónica da escola, derivando a súa resposta a
- 364 quen corresponda.
- 365 m) Presidir, se é o caso, e por delegación da dirección, a comisión
- 366 económica.
- 367 n) Calquera outra función que lle poda encomendar a dirección no
- 368 ámbito das súas competencias.

369
370
371

Sección terceira. Equipo directivo

Artigo. 12º. Nomeamento, substitución e cesamento.

- 373 1. A dirección, logo de informar ao claustro e ao consello escolar, propondrá
- 374 aos docentes que han de ocupar os restantes cargos do equipo directivo
- 375 á xefatura territorial da Consellería competente en materia de educación
- 376 a fin de que sexan nomeados por esta. O nomeamento e toma de
- 377 posesión realizaranse con efectos do 1 de xullo seguinte á celebración
- 378 do proceso de selección, por un período de catro anos.
- 379 2. Non poderá ser proposto para a xefatura de estudos, secretaría ou
- 380 vicedirección o profesorado que, por calquera causa, non vaia prestar
- 381 servizo na escola no curso académico inmediatamente seguinte ao que
- 382 tomaría posesión deste cargo.
- 383 3. Nas escolas de nova creación os órganos unipersoais serán ocupados
- 384 por docentes designados e nomeados pola xefatura territorial da
- 385 Consellería competente en materia de Educación
- 386 4. Co fin de permitir o adecuado funcionamento da escola, no suposto de
- 387 ausencia prolongada dalgún membro do equipo directivo, a dirección



388 poderá designar a un membro do departamento deste para levar a cabo,
389 con carácter temporal, as súas funcións directivas, cando a dita ausencia
390 implique profesorado substituto. En tal caso, a persoa substituta realizará
391 as funcións docentes do membro do departamento designado. Este
392 extremo precisará a autorización expresa da inspección educativa.

393 5. A vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría cesarán nas súas
394 funcións ao remate do seu mandato e nos seguintes supostos:

- 395 a) Cando cese a dirección que propuxo o seu nomeamento.
- 396 b) Por renuncia motivada aceptada pola dirección e ratificada pola
- 397 xefatura territorial.
- 398 c) Por incapacidade física o psíquica.
- 399 d) Por proposta motivada da dirección, informados o claustro e o
- 400 consello escolar, logo da audiencia ao interesado e do informe
- 401 favorable da inspección educativa.
- 402 e) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a
- 403 situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou
- 404 forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación
- 405 vixente.

406 6. A Consellería competente en materia de Educación poderá cesar ou
407 suspender de funcións a calquera dos membros do equipo directivo
408 cando exista incumprimento grave das súas funcións.

409 7. Cando se produza o cesamento dun membro do equipo directivo a
410 Consellería competente en materia de educación nomeará polo resto do
411 mandato a outro docente por proposta da dirección, quen informará ao
412 claustro e ao consello escolar.

413

414 **Sección cuarta. Órganos de goberno das seccións.**

415

416 **Artigo 13º. Organización das seccións**

417 As seccións das escolas oficiais de idiomas terán unha xefatura de
418 estudos.

419

420 **Artigo 14º. A xefatura de estudos de sección**

421 1. As funcións da xefatura de estudos de seccións adscritas ás
422 escolas oficiais de idiomas serán as establecidas con carácter xeral
423 para a xefatura de estudos destas e, en todo caso, deberán incluír as
424 seguintes:

- 425 a) Colaborar coa dirección do centro docente no que se localiza a
- 426 sección, se é o caso, nos temas relacionados coa organización da
- 427 actividade docente do profesorado e do alumnado pertencente á
- 428 mesma.
- 429 b) Recibir, cando cumpra, as solicitudes de matrícula da sección e
- 430 darlles traslado á sede.



- 431 c) Planificar o horario de grupos e profesorado da sección en
432 colaboración coa xefatura de estudos e a dirección da escola oficial
433 de idiomas.
434 d) Supervisar a asistencia e puntualidade do profesorado destinado
435 na sección.
436 e) Tramitar os partes de baixa, solicitudes de profesorado substituto,
437 as faltas mensuais e solicitudes de permiso do profesorado perante
438 a dirección da escola que corresponda, segundo o código de
439 adscrición do profesorado, remitindo un informe mensual á dirección da
440 escola oficial de idiomas.
441 f) Elaborar o inventario do equipamento específico da sección e
442 remitilo á secretaría da escola oficial de idiomas, xunto coas facturas
443 de material didáctico da sección.
444 g) Colaborar coa xefatura de estudos da escola oficial de idiomas na
445 elaboración dos informes e memoria anual.
446

447 **Capítulo II. Órganos colexiados de goberno.**

448 **Artigo. 15º. Composición**

449 As escolas oficiais de idiomas terán os seguintes órganos colexiados de
450 goberno: o consello escolar e o claustro docente.
451

452 **Sección primeira. Consello Escolar**

453 **Artigo. 16º. Definición**

454 1. O consello escolar é o órgano de participación no control e goberno
455 das escolas oficiais de idiomas por parte dos distintos sectores da
456 comunidade educativa .
457

458 **Artigo 17º. Composición**

459 1. O consello escolar das escolas terá a seguinte composición:

- 460 a) A dirección da escola, que exercerá a presidencia.
461 b) A xefatura de estudos da escola oficial de idiomas.
462 c) Un representante do concello do municipio no que estea situada a
463 escola, que preferentemente estará relacionado co ámbito cultural.
464 d) Un representante de pais e nais ou titores legais.
465 e) Un representante do persoal de administración e servizos da
466 escola.
467 f) O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

468 1.1 No suposto de escolas con máis de 60 docentes, incluídos os
469 docentes das seccións:

- 470 - Nove docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
471 - Sete representantes do alumnado elixidos por e entre este
472
473



- 474 colectivo.
- 475 1.2 No suposto de escolas de ata 60 docentes, incluídos os docentes das
476 seccións:
- 477 - Sete docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
478 - Cinco representantes do alumnado elixidos por e entre este
479 colectivo.
- 480 1.3 No suposto de escolas de ata 20 docentes, incluídos os docentes das
481 seccións:
- 482 - Tres docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
483 - Dous representantes do alumnado elixidos por e entre este
484 colectivo.
- 485 2. Un dos representantes do alumnado será a persoa que presida a
486 xunta de delegados.
- 487 3. O representante de pais e nais ou titores legais será designado pola
488 asociación máis representativa da escola.
- 489 4. Unha vez constituído o Consello escolar, este designará unha persoa
490 que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e
491 efectiva entre homes e mulleres.
- 492 5. O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución
493 dos membros do consello escolar rexerese polo disposto na normativa
494 establecida para o efecto pola Consellería competente en materia de
495 educación.

496

497 **Artigo 18º. Competencias**

498 O consello escolar terá as seguintes competencias:

- 499 a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos
500 proxectos educativo e de xestión, da programación xeral anual e das
501 normas de organización e funcionamento, e aprobalos e avalialos sen
502 prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e
503 organización docente, así como informar a memoria anual da escola.
- 504 b) Aprobar o proxecto de orzamento e a súa execución.
- 505 c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral da escola,
506 especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado,
507 os resultados das avaliacións internas e externas, e a xestión da
508 información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.
- 509 d) Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo coa normativa
510 vixente.
- 511 e) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia na
512 escola, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de
513 conflitos.
- 514 f) Coñecer a iniciación e resolución dos expedientes disciplinarios do
515 alumnado e velar pola súa adecuación á normativa vixente.
- 516 g) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos.



- 517 h) Participar, se é o caso, na selección da dirección de acordo co
518 establecido na normativa de aplicación. Ser informado do nomeamento
519 e cese dos membros do equipo directivo e propoñer a revogación
520 motivada da dirección por maioría de dous terzos dos seus membros.
521 i) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou a petición da
522 Consellería competente en materia de Educación, sobre o
523 funcionamento xeral da escola e a mellora da súa calidade.
524 j) Establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais,
525 coas administracións local e autonómica, centros docentes, e outras
526 entidades públicas e privadas .
527 k) Promover a renovación das instalacións e do equipamento da
528 escola e velar pola súa conservación.
529 l) Promover políticas de igualdade na escola.
530 m) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Consellería competente
531 en materia de Educación no ámbito das súas competencias.
532

Artigo 19º. Comisións

- 533
534
535 1. No seo do consello escolar, constituirase unha comisión económica
536 integrada pola dirección, un docente elixido polo seu sector no consello
537 escolar, a presidencia da xunta de delegados, e o secretario ou
538 secretaria.
539 2. Igualmente deberase constituír o observatorio da convivencia
540 adaptando a composición establecida no Decreto 85/2007, do 12 de abril,
541 polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia
542 Escolar ás características do cadro docente das escolas oficiais de
543 idiomas .
544 3. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas
545 que estarán presentes, cando menos, a dirección, un docente e un
546 representante do alumnado. En todo caso as comisións informarán ao
547 consello escolar sobre os temas que se lles encomende e colaborarán
548 con el nas cuestións da súa competencia.
549

Sección segunda. Claustro Docente.

Artigo 20º. Definición

- 551
552
553
554 1. O claustro é o órgano de participación dos docentes no control e
555 goberno das escolas oficiais de idiomas e ten a responsabilidade de
556 planificar, coordinar, informar e decidir sobre todos os aspectos
557 educativos destas.
558 2. O claustro será presidido pola dirección e estará integrado polos
559 docentes que prestan servizos na escola e, no seu caso, nas seccións



560 que esta teña adscritas.

561

562 **Artigo 21º. Competencias.**

563 a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración e
564 desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral
565 anual así como propor iniciativas no ámbito da innovación educativa e
566 da formación docente.

567 b) Aprobar, informar e avaliar o desenvolvemento do currículo nos
568 diferentes idiomas, así como todos os aspectos docentes do proxecto
569 educativo e da programación xeral anual, e emitir informe sobre as
570 normas de organización e funcionamento da escola.

571 c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral da escola,
572 especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado e
573 os resultados das avaliacións internas e externas e propoñer, se é o
574 caso, medidas de mellora.

575 d) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos, e ser
576 informado das propostas de nomeamento e cesamento dos membros
577 do equipo directivo

578 e) Elixir os seus representantes no consello escolar e no Equipo de
579 dinamización da lingua galega, e participar, se é o caso, na selección
580 da dirección de acordo coa normativa vixente.

581 f) Coñecer a resolución de expedientes disciplinarios e a imposición de
582 sancións ao alumnado, verificando a súa adecuación á normativa
583 vixente.

584 g) Calquera outra atribuída pola Consellería competente en materia de
585 Educación no ámbito das súas competencias.

586

587 **Sección terceira. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados**
588 **de goberno**

589

590 **Artigo 22º. Constitución e sesións.**

591

592 1. Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria
593 unha vez por trimestre e sempre que os convoque a súa presidencia ou o
594 solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, a
595 presidencia realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días
596 contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A
597 sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día
598 seguinte á entrega da petición de convocatoria.

599 En todo caso reuniranse ao inicio e remate de curso.

600 2. Nas reunións ordinarias, a dirección, cunha antelación mínima dunha
601 semana, convocará a sesión e poñerá a disposición dos membros do
602 órgano colexiado a documentación necesaria para o mellor



603 desenvolvemento daquela. Se os asuntos que se vaian tratar así o
604 aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha
605 antelación mínima de corenta e oito horas, e sen suxeición a prazo previo
606 nos casos de urxencia

607 3. Para a válida constitución dos órganos colexiados de goberno, para a
608 realización das sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase
609 a presenza da dirección, da secretaría ou, de ser o caso, daqueles que
610 os substitúan, e cando menos da metade dos membros do
611 correspondente órgano colexiado. Se non existise quorum, o órgano
612 constituirase en segunda convocatoria. Neste caso será suficiente a
613 asistencia da terceira parte dos membros e, en todo caso, un número
614 non inferior a tres, sen prexuízo da presenza da dirección e da secretaría
615 ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan.

616 4. A dirección presidirá as sesións, moderará o desenvolvemento dos
617 debates e poderá suspendelas por causas xustificadas.

618

619 **Artigo 23º. Acordos e actas.**

620

621 1. Os acordos adoptaranse por maioría de votos. A Consellería
622 competente en materia de Educación poderá establecer unha maioría
623 cualificada en determinados supostos.

624 2. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que
625 no conste na orde do día, a non ser que estean presentes todos os
626 membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto
627 polo voto favorable da maioría.

628 3. De cada sesión, a secretaría redactará un acta cos seguintes
629 apartados: asistentes, orde do día, lugar e duración da sesión, asuntos
630 principais tratados e acordos adoptados.

631 4. A lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das
632 administracións públicas e do procedemento administrativo común será a
633 norma reguladora dos aspectos non tratados especificamente neste
634 regulamento.

635

636 **Artigo 24º. Asistencia do profesorado.**

637 1. A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos colexiados de
638 goberno que corresponda é obrigatoria, polo que as ausencias terán o
639 carácter de horas lectivas para os efectos de faltas de asistencia e
640 permisos.

641 2. Non poderá asistir ás ditas reunións o profesorado en situación de
642 incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos que así se
643 determinen pola Consellería competente en materia de educación, entre
644 os cales se contemplará a elección de horario, cargos directivos,
645 membros do Consello escolar e análogos.



646

647

Capítulo III. Órganos de coordinación docente

648

Artigo 25º. Composición

650 Nas escolas oficiais de idiomas existirán os seguintes órganos de
651 coordinación docente:

- 652 a) Departamentos didácticos.
- 653 b) Comisión de coordinación pedagóxica.
- 654 c) Equipo de dinamización da lingua galega.
- 655 d) Equipo de actividades culturais e de promoción de idiomas.
- 656 e) Coordinación do equipo das tecnoloxías da información e a
657 comunicación, e de biblioteca.
- 658 f) Tutorías.

659

Artigo 26º. Asistencia do profesorado

661 1. A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos de coordinación
662 docente é obrigatoria, polo que as ausencias terán o carácter de horas
663 lectivas para os efectos de faltas de asistencia e permisos.

664 2. Non poderá asistir ás ditas reunións o profesorado en situación de
665 incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos que así se
666 determinen pola Consellería competente en materia de educación.

667

Sección primeira. Departamentos Didácticos

668

Artigo 27º. Definición

669

670 1. Os departamentos didácticos son órganos de coordinación docente
671 organizados como equipos de traballo para lograr os obxectivos
672 establecidos na súa programación didáctica, no proxecto educativo e na
673 programación xeral anual da escola. O seu funcionamento debe
674 basearse na interacción dos seus membros que colaborarán
675 coordinadamente nas funcións que este órgano ten encomendadas.

676 2. Constituirase en cada escola un departamento por cada idioma
677 impartido nela, do que formará parte todo o profesorado que imparta
678 ensinanzas no idioma correspondente.

681 3. Cada departamento didáctico terá unha xefatura de departamento .

682 4. Dentro de cada departamento, e dependendo directamente da xefatura
683 deste, poderán designarse, nas condicións establecidas pola Consellería
684 competente en materia de Educación, responsables para as seguintes
685 coordinacións:

- 686 a) Coordinación de curso.
- 687 b) Coordinación de ensino a distancia
- 688 c) Coordinación de probas de certificación.



- 689 d) Coordinación de actividades culturais e de promoción do idioma.
690 e) Coordinación de cursos de formación continua.
691 f) Coordinación de multimedia.

692

693 **Artigo 28º. Funcións dos Departamentos didácticos**

694 É competencia dos departamentos didácticos:

695 a) Impartir a oferta educativa que lles corresponda en relación co seu
696 idioma e segundo o establecido na programación didáctica do
697 departamento.

698 b) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro sobre os
699 documentos que desenvolven a autonomía pedagóxica, organizativa e
700 de xestión da escola.

701 c) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica
702 relativas ao desenvolvemento curricular e á organización e á
703 planificación docentes.

704 d) Elaborar e redactar, antes do comezo do curso académico, a
705 programación didáctica da oferta educativa que lles corresponda,
706 baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento e de
707 acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de
708 coordinación pedagóxica.

709 e) Promover e organizar actividades culturais e de promoción do
710 idioma e participar nelas dentro e fóra da escola, cando estas se
711 realicen en horario lectivo.

712 f) Participar no seguimento mensual, cando menos, da programación
713 didáctica e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual
714 na que se avalíe a súa aplicación.

715 g) Organizar, administrar, avaliar e, no seu caso, elaborar as
716 diferentes probas encomendadas pola Consellería competente en
717 materia de Educación, baixo a coordinación da xefatura de
718 departamento, aplicando adecuadamente os estándares establecidos
719 para as distintas probas e asistir, cando cumpra, as actividades de
720 formación organizadas para o efecto.

721 h) Participar na resolución motivada das reclamacións sobre as
722 probas de final de curso que afecten ao departamento.

723 i) Participar na elaboración dun banco de actividades didácticas do
724 seu departamento.

725 j) Investigar e participar na mellora continua dos procesos de ensino
726 do idioma correspondente.

727 k) Participar nos plans de avaliación que determine a Consellería
728 competente en materia de Educación ou a propia escola.

729 l) Colaborar co equipo de recursos multimedia e biblioteca para o
730 adecuado cumprimento das funcións deste.

731 m) Calquera outra actividade que no ámbito das competencias dun



732 departamento didáctico se lle poida asignar por parte da dirección da
733 escola ou da Consellería competente en materia de Educación.

734

735 **Subsección primeira. Xefatura dos departamentos didácticos e**
736 **régime de funcionamento**

737

738 **Artigo 29º. Nomeamento**

739 1. As xefaturas dos departamentos didácticos serán nomeadas pola
740 dirección da escola que o comunicará á xefatura territorial da Consellería
741 competente en materia de educación.

742 2. As xefaturas dos departamentos didácticos desempeñarán o seu cargo
743 durante un período de catro anos.

744 3 A xefatura de departamento será desempeñada, preferentemente, por
745 un docente do departamento que estea en situación de servizo activo no
746 corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas. No caso de que
747 haxa máis dun, a dirección da escola, oído o departamento, designará a
748 un deles.

749 4 Cando nun departamento non haxa ningún docente do corpo de
750 catedráticos, a xefatura será desempeñada polo funcionario de carreira
751 do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, con destino
752 definitivo no escola, que designe a dirección oído o departamento.

753 5. En caso de ausencia prolongada da xefatura de departamento, a
754 dirección designará un membro do departamento para desenvolver as
755 súas funcións.

756

757 **Artigo 30º. Funcións**

758

759 É competencia da xefatura de departamento:

760 a) Representar ao departamento na comisión de coordinación
761 pedagóxica e cando sexa convocada no ámbito das súas
762 competencias, e informar dos acordos acadados aos membros do
763 departamento.

764 b) Convocar e presidir as reunións do departamento e levantar a acta
765 correspondente.

766 c) Elaborar a previsión da oferta educativa do departamento e
767 colaborar coa dirección na planificación desta e de actividades
768 culturais e de promoción do idioma.

769 d) Dirixir e coordinar as actividades académicas que o departamento
770 teña encomendadas.

771 e) Coordinar a elaboración da programación didáctica da oferta
772 educativa do departamento e responsabilizarse da súa redacción cos
773 restantes membros do departamento.

774 f) Garantir a impartición do currículo do idioma correspondente a



- 775 través do seguimento mensual, cando menos, da programación
776 didáctica, que se realizará mediante protocolos establecidos para tal
777 fin. No caso de incumprimento deberá elevar informe á dirección no
778 que se incorporarán os motivos que corresponda e que quedará á
779 disposición da inspección educativa.
- 780 g) Redactar a memoria do departamento ao remate do curso
781 académico.
- 782 h) Garantir que o alumnado dispoña da información relativa á
783 programación, con especial referencia aos obxectivos, criterios de
784 avaliación, corrección, cualificación e mínimos esixibles, así como ás
785 características das distintas probas e da cualificación destas.
- 786 i) Responsabilizarse das convocatorias, cando corresponda, baixo a
787 supervisión da xefatura de estudos, das probas programadas na oferta
788 educativa da escola oficial de idiomas e presidir a súa administración,
789 corrección e avaliación en colaboración cos membros do
790 departamentos.
- 791 j) Garantir a adecuación das probas e da súa avaliación aos
792 estándares establecidos.
- 793 k) Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu
794 departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e
795 elaborar o informe motivado pertinente.
- 796 l) Custodiar as probas e documentos de avaliación do alumnado
797 durante un ano desde a finalización do curso académico, e
798 responsabilizarse de que a organización de toda a documentación do
799 departamento permita a súa dispoñibilidade cando cumpra.
- 800 m) Coordinar coa xefatura de estudos a organización de espazos e
801 instalacións da escola e velar pola correcta conservación do
802 equipamento específico do departamento e das aulas, cando estas
803 estean asignadas ao departamento.
- 804 n) Responsabilizarse da xestión do orzamento do departamento
805 didáctico e administralo segundo as instrucións da dirección.
- 806 ñ) Asesorar ao profesorado de nova incorporación no ámbito das
807 súas funcións.
- 808 o) Facilitar a información sobre a actividade académica do
809 departamento que se lle solicite polos distintos sectores da
810 comunidade educativa.
- 811 p) Dinamizar a actividade profesional dos membros do departamento,
812 promover a investigación educativa no ámbito do ensino do idioma que
813 lle corresponda e propoñer á vicedirección actividades de
814 perfeccionamento.
- 815 q) Propoñer á dirección as distintas coordinacións que o
816 departamento precise, oídos os membros do departamento.
- 817 r) Calquera outra actividade que no ámbito das súas competencia a



818 dirección ou a Consellería competente en materia de Educación lle
819 poida encomendar.

820

821 **Artigo 31º. Finalización do mandato**

822 1. A xefatura de departamento finalizará as súas funcións ao remate do
823 seu mandato ou ao producirse algunha das circunstancias seguintes:

824 a) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a
825 situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou
826 forzosa.

827 b) Cesamento pola Consellería competente en materia de Educación,
828 de oficio ou por proposta motivada da dirección, a causa de
829 incumprimento de funcións, oído o departamento e a persoa
830 interesada, e logo do informe da inspección educativa.

831 c) Renuncia motivada, oída a dirección e a persoa interesada.

832 d) Incorporación dun funcionario do corpo de catedráticos de escolas
833 oficiais de idiomas.

834 2. Cando a xefatura de departamento finalice ou sexa cesada nas súas
835 funcións por calquera causa das enumeradas neste artigo, a dirección da
836 escola procederá a nomear un novo xefe ou xefa de departamento, de
837 acordo co establecido no artigo 29 deste decreto.

838

839 **Artigo 32º. Réxime de funcionamento dos departamentos**

840

841 1. Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez por
842 semana. Unha vez ao mes a reunión dedicarase a facer o seguimento da
843 programación didáctica.

844 2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, durante os meses de
845 xuño e setembro os departamentos celebrarán as reunións que sexan
846 precisas para a elaboración da memoria anual do curso, da
847 programación didáctica, e das propostas que corresponda para a
848 programación xeral anual.

849 3. De cada reunión a xefatura de departamento levantará acta deixando
850 constancia dos asistentes e dos acordos adoptados.

851

852

853 **Subsección segunda. Coordinacións**

854

855 **Artigo 33º. Coordinación de curso**

856

857 1. É competencia da persoa coordinadora de curso:

858 a) Coordinar a elaboración da programación didáctica do curso e
859 propoñela para formar parte da programación didáctica do
departamento

860 b) Coordinar o establecemento de criterios para a elaboración das



- 861 programacións de aula e velar por que estas se axusten ao
862 establecido na programación didáctica de curso.
- 863 c) Elaborar protocolos de seguimento da programación didáctica do
864 curso.
- 865 d) Coordinar a elaboración, administración e avaliación das probas
866 que corresponda, segundo as directrices establecidas polo
867 departamento e, se é o caso, pola Consellería competente en
868 materia de Educación.
- 869 e) Responsabilizarse da elaboración e arquivo dun banco de
870 actividades do curso que coordina, segundo as directrices
871 establecidas polo departamento.
- 872 f) Elaborar a memoria anual do curso que coordina para que se
873 incorpore á memoria anual do departamento, proponendo as
874 melloras que corresponda e os materiais didácticos máis adecuados
875 para a programación do curso seguinte.
- 876 g) Asumir a coordinación das probas de certificación, cando non exista
877 un responsable desta función.
- 878 h) Asesorar ao profesorado de nova incorporación, que imparta
879 docencia no curso, no ámbito das súas funcións.
- 880 i) Aqueloutras que a dirección lle encomende dentro do ámbito das
881 súas competencias.
- 882 2. Cando a docencia dun curso sexa impartida por un só profesor, a
883 xefatura de departamento establecerá medidas de coordinación de nivel
884 para garantir a coherencia das programacións dos distintos cursos que
885 conforman este.

886

887 **Artigo 34º. Coordinación de ensino a distancia**

888 Naquelas escolas que impartan ensino a distancia, nomearase unha
889 persoa responsable da súa coordinación que terá as funcións que lle
890 sexan atribuídas pola Consellería competente en materia de Educación
891 na normativa establecida para o efecto.

892

893 **Artigo 35º. Coordinación multimedia**

894

895 A persoa coordinadora de multimedia terá as seguintes funcións:

- 896 a) Identificar e recompilar os recursos multimedia necesarios para
897 que o profesorado do departamento realice as actividades didácticas
898 previstas e propor, se é o caso, a súa adquisición.
- 899 b) Dixitalizar o banco de actividades didácticas do departamento.
- 900 c) Arquivar os recursos multimedia do departamento e facilitar a súa
901 utilización ao profesorado.
- 902 d) Formar parte do equipo das tecnoloxías da información e a
903 comunicación, e de biblioteca.



904 e) Aqueloutras que no ámbito da súa actuación, a xefatura do
905 departamento ou a dirección lle encomenden.

906

907 **Artigo 36º. Coordinación de probas de certificación**

908

909 A persoa responsable desta coordinación realizará as seguintes funcións
910 en relación coas probas de certificación:

911 a) Garantir o coñecemento, por parte de todo o profesorado que vaia
912 administrar as probas, dos estándares de avaliación establecidos pola
913 Consellería competente en materia de educación, convocando as
914 sesións de traballo necesarias.

915 b) Coordinar a elaboración, administración e avaliación das probas
916 que corresponda, garantindo a aplicación adecuada dos estándares
917 establecidos.

918 c) Editar e revisar o material para avaliar ao alumnado en
919 colaboración coa xefatura de departamento.

920 d) Facilitarlle á xefatura de departamento datos estatísticos sobre a
921 administración das probas.

922 e) Elevar propostas de mellora das probas á xefatura de
923 departamento.

924 f) Aquelas funcións que a dirección lle encomende dentro do ámbito
925 das súas competencias.

926

927 **Artigo 37º. Coordinación de actividades culturais e de promoción do** 928 **idioma**

929

930 As funcións da persoa coordinadora son:

931 a) Promover, organizar e coordinar a realización de actividades
932 culturais e de promoción do idioma correspondente.

933 b) Elaborar, en colaboración coa vicedirección e seguindo as
934 directrices desta, o programa anual das actividades para o que se
935 terán en conta as propostas dos distintos sectores da comunidade
936 educativa.

937 c) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos,
938 responsables, momento e lugar de realización, orzamento e forma de
939 participación do alumnado.

940 d) Proporcionar a información relativa ás actividades culturais e de
941 promoción do idioma do departamento.

942 e) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das
943 actividades realizadas que se incluírá na memoria final do
944 departamento.

945

946 **Artigo 38º. Coordinador de cursos de formación continua**



947

948 Cando nas escolas oficiais de idiomas se impartan cursos para a
949 actualización de coñecementos de idiomas e para a formación de
950 colectivos profesionais e do profesorado, poderase designar un
951 responsable destas ensinanzas nas condicións que dispoña a
952 Consellería competente en materia de educación.

953

Sección segunda. Outros órganos e coordinacións.

954

955

Artigo 39º. Comisión de coordinación pedagóxica.

956

957

958 1. A Comisión de coordinación pedagóxica é o órgano responsable
959 de velar pola coherencia pedagóxica entre as programacións didácticas
960 dos distintos cursos e niveis dos idiomas que se imparten na escola, así
961 como de garantir a coordinación entre o equipo directivo e os
962 departamentos didácticos.

963 2. Constituirase en todas as escolas oficiais de idiomas unha
964 comisión de coordinación pedagóxica.

965 3. Este órgano estará integrado por:

966 a) A dirección, que exercerá a súa presidencia.

967 b) A vicedirección.

968 c) A xefatura de estudos.

969 d) As xefaturas de estudo das seccións nas escolas, se as houber.

970 e) As xefaturas de todos os departamentos didácticos.

971 f) A persoa coordinadora do equipo de dinamización da lingua
972 galega.

973 g) A persoa coordinadora do equipo de tecnoloxías da información e
974 comunicación, e biblioteca.

975 4. Actuará como secretario un membro da comisión, designado pola
976 dirección, oídos os restantes membros.

977 5. Ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica poderá ser
978 convocado calquera membro do claustro cando se traten temas
979 relacionados directamente coas súas funcións.

980 6. O funcionamento da comisión de coordinación pedagóxica aterase ao
981 establecido nos artigos 22, 23 e 24 deste decreto, relativos ao réxime de
982 funcionamento dos órganos colexiados de goberno

983

Artigo 40º. Competencias

984 Serán competencias da comisión de coordinación pedagóxica:

985 a) Coñecer a oferta educativa da escola e elevar propostas á
986 dirección.

987 b) Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das
988 programacións didácticas, do Programa de potenciación da lingua
989



- 990 galega, e velar polo seu cumprimento, así como elaborar protocolos
991 para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.
992 c) Propor ao claustro, para a súa aprobación, as programacións
993 didácticas dos diferentes departamentos.
994 d) Establecer directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
995 e) Propor ao claustro para a súa aprobación os criterios pedagóxicos
996 para a elaboración do horario do alumnado.
997 f) Propor ao claustro o calendario das probas ordinarias e
998 extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
999 g) Velar por que as propostas de probas realizadas polos
1000 departamentos didácticos se axusten aos estándares establecidos,
1001 presenten coherencia metodolóxica entre todas elas e, indicar, se é o
1002 caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos
1003 departamentos.
1004 h) Fomentar iniciativas de creación de grupos de traballo en función
1005 das necesidades da escola.
1006 i) Propor criterios para a elaboración de actividades culturais e de
1007 promoción dos idiomas, e deseñar actividades de interculturalidade.
1008 j) Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado.
1009 k) Realizar propostas ao equipo directivo para a distribución dos
1010 recursos da escola.
1011 l) Deseñar instrumentos de avaliación interna para a súa aplicación e
1012 procesar e analizar a información obtida para identificar fortalezas e
1013 debilidades da escola, e propoñer ao claustro as medidas de mellora,
1014 se é o caso, que corresponda.
1015 m) Analizar os resultados da avaliación externa da escola e propor ao
1016 claustro plans de mellora cando cumpra.
1017

Artigo 41º. Equipo de dinamización da lingua galega

- 1018 1. Para potenciar o uso da lingua galega constituirase en cada escola un
1019 equipo de dinamización da lingua galega do que formarán parte os
1020 distintos colectivos da comunidade educativa:
1021 a) Tres representantes do profesorado, por proposta do claustro.
1022 b) Tres representantes do alumnado, por proposta da xunta de
1023 representantes deste colectivo.
1024 c) Un representante do persoal non docente, por proposta deste
1025 colectivo.
1026 2. Na constitución deste órgano, tenderase a unha composición
1027 equilibrada de mulleres e homes.
1028 3. Os membros do equipo de dinamización da lingua galega serán
1029 nomeados pola dirección da escola.
1030

1031

Artigo 42º. Competencias



- 1033 É competencia do equipo de dinamización da lingua galega:
- 1034 a) Presentar a través do claustro propostas ao equipo directivo para a
- 1035 fixación de obxectivos de dinamización da lingua galega que se
- 1036 incluírán no proxecto educativo.
- 1037 b) Diseñar un programa anual de promoción da lingua galega anual
- 1038 para o logro dos obxectivos previstos no proxecto educativo.
- 1039 c) Fomentar o uso da lingua galega como vehículo de mediación
- 1040 intercultural.
- 1041 d) Presentarlle á dirección o orzamento de investimento dos recursos
- 1042 económicos que lles sexan asignados para a súa aprobación no
- 1043 consello escolar.
- 1044 e) Calquera outra encomendada pola consellería competente en
- 1045 materia de educación no ámbito das súas competencias.
- 1046

1047 **Artigo 43º. Coordinación do equipo de dinamización da lingua**

1048 **galega**

- 1049 1. A coordinación do equipo de dinamización da lingua galega será
- 1050 desempeñada por un dos representantes do profesorado,
- 1051 preferentemente con destino definitivo.
- 1052 2. A persoa coordinadora será nomeada pola dirección por proposta dos
- 1053 compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro
- 1054 anos, renovables, se é o caso, e cesará ao final dos mesmos ou cando
- 1055 se dea algunha das circunstancias contempladas no artigo 31º deste
- 1056 regulamento.
- 1057 3. Cando a persoa responsable da coordinación cese antes de finalizar o
- 1058 período para o que foi nomeada, a dirección nomeará un representante
- 1059 do profesorado polo tempo que quede de mandato, de acordo co
- 1060 procedemento establecido no artigo 41º.3.
- 1061

1062 **Artigo 44º. Competencias**

- 1063 É competencia da persoa coordinadora equipo de dinamización da lingua
- 1064 galega:
- 1065
- 1066 a) Representar ao equipo de dinamización da lingua galega na
- 1067 comisión de coordinación pedagóxica e cando sexa convocada
- 1068 no ámbito das súas competencias, e informar dos acordos
- 1069 acadados aos membros do equipo.
- 1070 b) Convocar e presidir as reunións do equipo e levantar a acta
- 1071 correspondente.
- 1072 c) Coordinar a elaboración do programa de promoción da lingua
- 1073 galega e responsabilizarse da súa redacción.



- 1074 d) Realizar o seguimento trimestral, cando menos, do programa de
1075 promoción da lingua galega, que se realizará mediante
1076 protocolos establecidos para tal fin.
1077 e) Redactar a memoria do equipo de dinamización da lingua
1078 galega ao remate do curso académico.
1079 f) Velar pola correcta conservación e uso dos recursos didácticos,
1080 pedagóxicos e material en galego que lle sexan asignados ao
1081 equipo.
1082 g) Responsabilizarse da xestión do orzamento do equipo e
1083 administralo segundo as instrucións da dirección.
1084 h) Facilitar a información á comunidade educativa sobre o
1085 programa de promoción da lingua galega e sobre aqueles
1086 aspectos de interese relacionados coa realidade e a cultura
1087 galega.
1088

1089 **Artigo 45º. Equipo de actividades culturais e de promoción de**
1090 **idiomas.**

- 1091 1. As escolas oficiais de idiomas terán un equipo de actividades culturais
1092 e de promoción de idiomas que estará integrado polo seu coordinador e,
1093 para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable
1094 da mesma. Igualmente, formarán parte deste equipo as distintas
1095 coordinacións que poidan existir en determinados departamentos.
1096 2. É competencia da vicedirección da escola coordinar o equipo de
1097 actividades culturais e de promoción de idiomas.
1098 3. Cando non exista vicedirección, estas funcións serán realizadas por un
1099 dos coordinadores de actividades culturais e de promoción do idioma, se
1100 é o caso, ou por un membro do claustro, que será designado pola
1101 dirección por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
1102 4. As funcións da persoa coordinadora do equipo de actividades culturais
1103 e de promoción de idiomas son:
1104 a) Promover, organizar e coordinar a realización de actividades
1105 culturais e de promoción dos idiomas que se impartan na escola.
1106 b) Diseñar, seguindo as directrices establecidas pola comisión de
1107 coordinación pedagóxica, actividades de interculturalidade que
1108 impliquen todos idiomas que se impartan na escola.
1109 c) Elaborar o programa anual das actividades para o que se terá en
1110 conta as propostas dos distintos sectores da comunidade
1111 educativa.
1112 d) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos,
1113 responsables, momento e lugar de realización, orzamento e forma
1114 de participación do alumnado.
1115 e) Proporcionar a información relativa ás actividades culturais e de
1116 promoción dos idiomas dos distintos departamentos.



1117 f) Elaborar unha memoria anual de curso coa avaliación das
1118 actividades realizadas que se incluírá na memoria anual da escola.
1119

1120 **Artigo 46º. Coordinación de equipo das tecnoloxías da información**
1121 **e a comunicación, e biblioteca**

1122 1. As escolas oficiais de idiomas poderán contar cunha persoa
1123 responsable da coordinación do equipo das tecnoloxías da información e
1124 a comunicación, e biblioteca.

1125 2. O profesor ou profesora encargada da coordinación do equipo será
1126 nomeada pola dirección da escola, por proposta da Vicedirección, entre o
1127 profesorado con destino definitivo na escola.

1128 3. A duración do mandato da persoa coordinadora de das tecnoloxías da
1129 información e a comunicación será de catro anos.

1130 4. A persoa coordinadora das tecnoloxías da información e a
1131 comunicación terá as seguintes funcións:

1132 a) Xestionar o mantemento e reparación dos equipos multimedia.

1133 b) Dinamizar o uso das novas tecnoloxías no escola, establecendo un
1134 plan anual que incluírá, cando menos, sesións formativas e
1135 informativas co profesorado da escola.

1136 c) Asesorar ao profesorado na utilización dos recursos multimedia.

1137 d) Xestionar, en colaboración coa xefatura de estudos, o horario de
1138 utilización dos recursos multimedia e a normativa do seu uso.

1139 e) Facer chegar á dirección suxestións sobre a adquisición de recursos
1140 multimedia.

1141 f) Colaborar coa secretaría na elaboración do inventario e na
1142 conservación dos recursos multimedia.

1143 g) Realizar o mantemento e actualización do sitio web da escola en
1144 colaboración coa vicedirección.

1145 5. Nas normas de organización e funcionamento da escola
1146 estableceranse as funcións relacionadas coa xestión da biblioteca.

1147 6. Cando o volume dos fondos da biblioteca implique unha dificultade de
1148 xestión, a inspección educativa poderá autorizar a designación dunha
1149 persoa responsable da biblioteca.
1150

1151 **Artigo 47º. Titorías**

1152 1. Cada profesor ou profesora será responsable da titoría do alumnado
1153 matriculado nos cursos nos que imparta docencia e, ademais das súas
1154 tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes
1155 funcións:

1156 a) Proporcionarlle, no principio de curso, ao alumnado e, se é o caso,
1157 aos seus pais, nais ou tutores legais, información documental ou, no
1158 seu defecto, indicar onde pode consultar todo o referente a calendario
1159 escolar, horarios, actividades culturais e de promoción de idiomas



- 1160 previstas.
- 1161 b) En relación coas programacións didácticas, proporcionarlle ao
- 1162 alumnado información, cando menos, dos criterios de avaliación,
- 1163 criterios de cualificación e mínimos esixibles.
- 1164 c) Realizar unha avaliación inicial do alumnado para establecer as
- 1165 medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos
- 1166 obxectivos do curso que imparta.
- 1167 d) Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado
- 1168 para detectar dificultades e necesidades individuais, co obxecto de
- 1169 facilitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- 1170 e) Motivar, dinamizar e orientar a autoaprendizaxe.
- 1171 f) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa
- 1172 participación nas actividades da escola.
- 1173 g) Orientar e asesorar ao alumnado sobre posibilidades académicas
- 1174 no estranxeiro.
- 1175 h) Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en
- 1176 colaboración coa persoa delegada do grupo, nos problemas que se
- 1177 presenten.
- 1178 i) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu alumnado.
- 1179 j) Controlar a falta de asistencia do alumnado e ter informada a
- 1180 xefatura de estudos mediante os procedementos que se establezan
- 1181 pola dirección.
- 1182 k) Participar nas actividades da escola, dentro e fóra dela, cando
- 1183 estas se realicen en horario lectivo.
- 1184 l) Elevar á xefatura de departamento as necesidades do seu
- 1185 alumnado para o deseño, se é o caso, de talleres de práctica do
- 1186 idioma.
- 1187 2. O profesorado titor deberá coordinarse co profesorado que imparta
- 1188 docencia a grupos do mesmo curso e nivel, cumprindo os acordos
- 1189 acadados, e manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- 1190 3. As escolas oficiais de idiomas que impartan ensinanzas a distancia
- 1191 deberán contar con profesorado responsable das titorías para o seu
- 1192 seguimento.

TÍTULO III. Autonomía pedagóxica e de xestión

Capítulo I. Autonomía das Escolas oficiais de idiomas

Artigo 48º. Aspectos xerais.

- 1199 1. As Escolas oficiais de idiomas disporán de autonomía tanto no
- 1200 pedagóxico como no organizativo e na xestión económica dos seus
- 1201 recursos nos termos establecidos no presente decreto.
- 1202 2. A autonomía pedagóxica concretarase no proxecto educativo, e a



1203 organizativa na programación xeral anual e nas normas de organización
1204 e funcionamento.

1205 3. A autonomía de xestión económica reflectirase na elaboración e
1206 execución do proxecto de xestión, debendo axustar o seu contido ao
1207 disposto na normativa vixente.

1208 4. Corresponde á Consellería competente en materia de Educación fixar
1209 as bases para que as escolas, no exercicio da súa autonomía poidan
1210 adoptar innovacións, plans de traballo e formas de organización
1211 experimentais ou ampliación do horario lectivo do centro.

1212 5. O exercicio da autonomía pedagóxica, de organización e de xestión
1213 rexerese polo principio de mellora continua da calidade educativa, tanto
1214 dos procesos como dos resultados.

1215

1216

Capítulo II. Autonomía pedagóxica

1217

Artigo 49º. Proxecto Educativo.

1218 1. O proxecto educativo é unha proposta global e colectiva de actuación
1219 a medio prazo que debe ter en conta as características do contorno
1220 social, cultural e económico no que están situadas as escolas oficiais de
1221 idiomas. O obxectivo deste documento é amosar as características
1222 singulares de cada escola, contextualizar as súas actuacións e
1223 establecer mecanismos de coordinación e actuación pedagóxica para
1224 asegurar que se satisfagan as necesidades de aprendizaxe de idiomas
1225 dos seus usuarios.

1226 2. O proxecto educativo deberá respectar os principios de non
1227 discriminación e de multiculturalidade como valores fundamentais das
1228 escolas oficiais de idiomas.

1229 3. O proxecto educativo incluírá os seguintes apartados:

1230 a) A descrición do contorno social, cultural e económico.

1231 b) Os obxectivos da escola para dar resposta ás necesidades do seu
1232 contorno, para promover o uso da lingua galega, para a promoción
1233 da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora da
1234 escola, e as prioridades de actuación.

1235 c) As medidas e recursos de organización e de xestión para a
1236 consecución dos obxectivos establecidos.

1237 d) As relacións con institucións, organismos ou entidades para a
1238 consecución dos obxectivos previstos.

1239 e) A oferta formativa.

1240 f) Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material
1241 didáctico.

1242 g) As directrices xerais para a elaboración e seguimento das
1243 programacións didácticas.

1244 h) As directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e
1245



- 1246 de promoción de idiomas.
- 1247 i) As directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
- 1248 j) O plan de utilización das tecnoloxías da información e da
- 1249 comunicación.
- 1250 k) O plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de
- 1251 funcionamento e de xestión da escola.
- 1252 4. O proxecto educativo da escola elaborárase baixo a coordinación do
- 1253 equipo directivo coa participación da comunidade educativa nos termos
- 1254 establecidos nas normas de organización e funcionamento, e de acordo
- 1255 cos criterios fixados polo consello escolar e as propostas realizadas polo
- 1256 claustro e a xunta de representantes do alumnado.
- 1257 5. O proxecto educativo será aprobado e avaliado polo consello escolar
- 1258 sen prexuízo dos aspectos docentes, establecidos nos apartados f, g, i,
- 1259 que serán aprobados e avaliados polo claustro.
- 1260 6. O equipo directivo daralle publicidade ao proxecto educativo de
- 1261 maneira que permita un mellor coñecemento da escola e cara a orientar
- 1262 o labor do profesorado e a favorecer a transparencia e visibilidade da
- 1263 súa oferta formativa.
- 1264 7. O proxecto educativo poderá ser modificado segundo propostas de
- 1265 calquera membro ou sector da comunidade educativa. As modificacións
- 1266 deberán ser aprobadas polos mesmos órganos responsables da
- 1267 aprobación do proxecto educativo e entrarán en vigor o curso académico
- 1268 seguinte ao da súa aprobación.
- 1269 8. A inspección educativa supervisará o proxecto educativo para
- 1270 comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes,
- 1271 autorizará a oferta formativa, formulando, se é o caso, as suxestións que
- 1272 estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

1273

1274 **Artigo 50º. Programacións didácticas**

- 1275 1. As programacións didácticas son o instrumento de planificación
- 1276 curricular específico de cada Departamento para cada un dos cursos das
- 1277 ensinanzas que se imparten nunha escola oficial de idiomas.
- 1278 2. A programación didáctica dun departamento de idiomas seguirá as
- 1279 directrices propostas pola comisión de coordinación pedagóxica e
- 1280 establecidas no proxecto educativo, e elaborárase segundo os principios
- 1281 recollidos nel.
- 1282 3. A programación didáctica dun departamento de idiomas incluírá, cando
- 1283 menos, os seguintes aspectos:
- 1284 a) Os obxectivos de cada un dos cursos que imparte o departamento.
- 1285 b) Os contidos, a súa secuencia e temporalización nos distintos
- 1286 cursos.
- 1287 c) Os criterios de avaliación de cada curso, especificando os mínimos
- 1288 esixibles para superar os cursos dentro de cada nivel.



- 1289 d) Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do
1290 alumnado.
- 1291 e) Os criterios de cualificación que se vaian aplicar.
- 1292 f) O enfoque metodolóxico.
- 1293 g) Os recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e
1294 da comunicación, os materiais curriculares e os libros de texto para
1295 uso do alumnado.
- 1296 h) Os procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o
1297 alumnado con necesidades específicas.
- 1298 i) As actividades culturais e de promoción do idioma programadas
1299 polo departamento.
- 1300 j) Os procedementos para que o departamento coordine, valore e
1301 revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación
1302 didáctica.
- 1303 k) Os procedementos para realizar a avaliación interna do
1304 departamento.
- 1305 4. Todas as ensinanzas que se impartan nas escolas oficiais de idiomas
1306 de Galicia deberán contar coa oportuna programación didáctica.
- 1307 5. O profesorado desenvolverá a súa actividade docente de acordo co
1308 establecido no proxecto educativo e na programación didáctica do idioma
1309 correspondente, e respectará os acordos acadados nos distintos órganos
1310 e nas coordinacións.
- 1311 6. As escolas oficiais de idiomas daranlle publicidade na súa páxina web,
1312 alomenos, aos criterios de avaliación mínimos esixibles para superar os
1313 cursos dentro de cada nivel en cada idioma, así como a estrutura e as
1314 competencias e cualificacións mínimas necesarias para a superación das
1315 diferentes probas de avaliación.
- 1316 7. Dado o seu carácter anual, as programacións didácticas serán unha
1317 achega da programación xeral anual.
- 1318 8. A inspección educativa supervisará as programacións didácticas para
1319 comprobar a adecuación ao establecido nas disposicións vixentes,
1320 formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións
1321 que procedan.
- 1322 9. Á vista das actas correspondentes, os departamentos, despois das
1323 avaliacións ordinarias de final de curso, recollerán nunha memoria
1324 alomenos os seguintes aspectos:
- 1325 a) Modificacións introducidas durante o curso na programación
1326 didáctica.
- 1327 b) Motivo das modificacións.
- 1328 c) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación
1329 cos cursos anteriores.
- 1330 d) Análise da adecuación das ensinanzas impartidas ás probas de
1331 certificación.



1332 e) Propostas para a programación didáctica do curso seguinte.
1333 A memoria, redactada pola xefatura de departamento, será entregada á
1334 xefatura de estudos no prazo que estableza a dirección da escola, de
1335 acordo co calendario disposto para facer a avaliación da programación
1336 xeral anual prevista no artigo 52 deste decreto.

1337

1338 **Artigo 51º. Programa de promoción da lingua galega**

1339 1. Anualmente, para o logro dos obxectivos establecidos no proxecto
1340 educativo, o equipo de dinamización da lingua galega, seguindo as
1341 directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica,
1342 elaborará un programa de promoción da lingua galega que contemplará,
1343 alomenos,os aspectos seguintes:

1344 a) Os obxectivos para o curso académico, que deberán estar en
1345 consonancia cos establecidos na programación xeral anual.

1346 b) As medidas para potenciar o uso da lingua galega na escola, a súa
1347 secuencia e temporalización.

1348 c) Os recursos dos que se dispón para o desenvolvemento das
1349 medidas propostas.

1350 d) Os procedementos para que o equipo coordine, valore e revise,
1351 alomenos trimestralmente, o desenvolvemento do programa.

1352 e) Os procedementos para realizar a avaliación interna do equipo.

1353

1354 2. Este programa será aprobado polo consello escolar e formará parte da
1355 programación xeral anual.

1356

1357

1358 **Capítulo III. Autonomía organizativa**

1359

1359 **Artigo 52º. Programación Xeral Anual**

1360 1. As Escolas oficiais de idiomas elaborarán anualmente, ao principio de
1361 cada curso, unha programación xeral anual que recollerá todos os
1362 aspectos relativos á organización e funcionamento da escola e todos os
1363 plans de actuación acordados e aprobados para ese curso académico.

1364 2. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo e terá
1365 en conta as propostas do claustro e as directrices do consello escolar.

1366 3. Os distintos sectores da comunidade educativa, a través das súas
1367 organizacións ou individualmente, poderanlle presentar as propostas que
1368 coiden convenientes ao equipo directivo para a programación xeral
1369 anual.

1370 4. A programación xeral anual incluírá os seguintes apartados:

1371 a) Obxectivos específicos que a escola se propón conseguir no curso
1372 académico, tomando como referencia o proxecto educativo e a
1373 memoria anual do curso anterior.

1374 b) Medidas que se van desenvolver para a consecución dos



- 1375 obxectivos propostos e recursos previstos para o efecto.
1376 c) Horario xeral e criterios para a súa elaboración.
1377 d) Horario de atención ao público.
1378 e) Cadro xeral horario de atención titorial.
1379 f) Participación do profesorado da escola en programas de
1380 innovación educativa, se é o caso.
1381 g) Programa anual de formación do profesorado.
1382 h) Programa de promoción da lingua galega.
1383 i) Programa anual de actividades culturais e de promoción de
1384 idiomas.
1385 j) Plan de autoprotección, modificacións, se é o caso, ou a
1386 observación de que segue vixente.
1387 k) Horario de utilización das instalacións da escola.
1388 l) Calendario de avaliación da programación xeral anual e de
1389 autoavaliación da escola.
1390 m) Documento de organización da escola.
1391 n) As modificacións do proxecto educativo, se é o caso, e as
1392 programacións didácticas dos departamentos incluíranse como anexo
1393 á programación xeral anual.
- 1394 5. A programación xeral anual será aprobada polo claustro de profesores
1395 no ámbito da súa competencia e elevada, para a súa aprobación
1396 posterior, ao consello escolar, que respectará, en todo caso, os aspectos
1397 docentes que competen ao claustro.
- 1398 6. Unha vez aprobada a programación xeral anual, un exemplar desta
1399 quedará na secretaría da escola a disposición dos membros da
1400 comunidade educativa e outro, acompañado dunha copia da acta das
1401 sesións do claustro e do consello escolar en que se aprobou, remitirase á
1402 inspección educativa.
- 1403 7. A programación xeral anual será de obrigado cumprimento para todos
1404 os membros da comunidade educativa.
- 1405 8. A inspección educativa supervisará a programación xeral anual para
1406 comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes e
1407 no proxecto educativo da escola, formulará as suxestións que estime
1408 oportunas e indicará as correccións que procedan.
- 1409 9. Polo menos cunha periodicidade trimestral, os órganos colexiados
1410 reuniranse para avaliar, cada un no ámbito das súas competencias, o
1411 grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas
1412 modificacións, se as houber.
- 1413 10. O equipo directivo establecerá os protocolos que corresponda para o
1414 seguimento do grao de cumprimento da programación xeral anual.

1415
1416 **Artigo 53º. Memoria anual da escola**

- 1417 1. A dirección da escola establecerá un calendario que permita a



1418 avaliación, por parte do consello escolar, do claustro e do equipo
1419 directivo, da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento. As
1420 conclusións máis relevantes serán recollidas polo equipo directivo nunha
1421 memoria que se lle remitirá antes do 10 de xullo á Inspección Educativa.
1422 2. A estrutura da citada memoria será semellante á establecida para a
1423 programación xeral anual e fará referencia ás modificacións introducidas,
1424 se é o caso, durante o curso e as causas que as motivaron.
1425 3. O equipo directivo incorporará á memoria anual os informes
1426 presentados por cada un dos órganos de coordinación docente, así como
1427 das coordinacións específicas existentes, que recollerán a avaliación do
1428 grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron, analizando as
1429 dificultades e resultados obtidos, proponendo solucións e sacando as
1430 conclusións que coiden oportunas.
1431 4. A memoria anual conterá tamén un apartado económico, realizado
1432 polo responsable da secretaría, de acordo co establecido no proxecto de
1433 xestión.
1434 5. De ser o caso, tanto as asociacións de nais e pais como de alumnado
1435 legalmente constituídas poderán presentarlle ao equipo directivo o
1436 informe das actividades desenvolvidas e cantas achegas e suxestións
1437 coiden oportunas sobre elas. Este informe unirase como anexo á
1438 memoria anual elaborada polo escola.
1439 6. As conclusións recollidas na memoria anual da escola serán tidas en
1440 conta na elaboración da programación xeral do ano seguinte.

1441

1442 **Artigo 54º. Normas de organización e funcionamento**

1443 1. As normas de organización e funcionamento establecerán a
1444 estrutura organizativa e funcional de cada escola. Nelas estableceranse
1445 as condutas, tarefas, e actividades da escola necesarias para alcanzar
1446 os obxectivos previstos. En todo caso, estarase ao disposto no
1447 establecido na normativa de aplicación referente aos dereitos e deberes
1448 do alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.
1449 2. As normas de organización e funcionamento serán elaboradas polo
1450 equipo directivo, informadas polo claustro e aprobadas polo consello
1451 escolar, e incorporaranse ao proxecto educativo de escola.
1452 3. Deberán concretar, tendo en conta as características e os recursos
1453 propios de cada escola, entre outros, os seguintes aspectos:
1454 a) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na
1455 normativa vixente.
1456 b) A organización práctica da participación de tódolos membros da
1457 comunidade educativa.
1458 c) Normas que favorezan as relacións entre os distintos membros da
1459 comunidade educativa.
1460 d) As canles de colaboración entre os distintos órganos de goberno, e



1461 de coordinación docente
1462 e) A organización dos espazos e instalacións da escola e as normas
1463 para o correcto uso.

1464 4. Modificacións

1465 As normas de organización e funcionamento poderán ser modificadas
1466 segundo propostas de calquera membro ou sector da comunidade
1467 educativa. As modificacións deberán ser aprobadas polo mesmo
1468 procedemento establecido para a aprobación das ditas normas, entrarán
1469 en vigor o curso académico seguinte ao da súa aprobación e incluíranse
1470 no proxecto educativo e na programación xeral anual.

1471 5. A inspección educativa supervisará as normas de organización e
1472 funcionamento para comprobar a súa adecuación ao establecido nas
1473 disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e
1474 indicará as correccións que procedan.

1475

1476 **Artigo 55º. Proxecto de xestión**

1477 1. De acordo co establecido no artigo 123 da Lei Orgánica 2/2006, do 3
1478 de maio, de Educación, as escolas oficiais de idiomas disporán de
1479 autonomía na súa xestión económica no marco establecido na citada Lei
1480 e na normativa autonómica vixente, elaborando ao efecto o proxecto de
1481 xestión, que incluírá o plan anual de ordenación e utilización do seu
1482 orzamento.

1483 2. Sen prexuízo de que reciban os recursos económicos necesarios para
1484 cumprir os seus obxectivos con criterios de calidade, as escolas oficiais
1485 de idiomas poderán obter recursos complementarios pola prestación de
1486 servizos distintos dos gravados por prezos públicos, como outros fondos
1487 procedentes de entidades públicas, privadas ou particulares Estes
1488 recursos deberán ser aplicados aos seus gastos de funcionamento e non
1489 poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de
1490 pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

1491 3. As escolas poderán ademais recibir achegas voluntarias dos pais de
1492 alumnos ou doutras institucións, de acordo co establecido na lexislación
1493 vixente.

1494 4. A Consellería competente en materia de educación poderá delegar
1495 nos órganos de goberno dos escolas públicos a adquisición de bens,
1496 contratación de obras, servizos e subministracións cos límites que
1497 legalmente se establezan.

1498 5. A comisión económica, logo da aprobación no consello escolar, deberá
1499 presentar para a súa autorización pola xefatura territorial da Consellería
1500 competente en materia de educación o plano de accións, se o houber,
1501 encamiñadas á obtención dos recursos complementarios aos que se
1502 refire o punto 2 deste artigo.

1503



1504

TÍTULO IV. Xunta de representantes do alumnado

1505

1506

Artigo 56º. Composición e competencias

1507

1508

1509

1510

1511

1. Nas escolas oficiais de idiomas existirá unha xunta de representantes integrada polos delegados e delegadas do alumnado oficial matriculado na modalidade presencial dos distintos grupos da escola e, se é o caso, das seccións que lle estean adscritas, e polos representantes do alumnado no consello escolar.

1512

1513

2. A dita xunta estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

1514

3. É competencia da presidencia da xunta:

1515

1516

a) Convocar, presidir e coordinar as reunións que se precisen e responsabilizarse de que se levante a acta correspondente.

1517

1518

b) Facer chegar as propostas da xunta aos distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica da escola.

1519

1520

Artigo 57º. Reunións e comisións

1521

1522

1523

1524

1525

1. A xunta poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan ao alumnado delegado dos cursos que se impartan na escola, logo do coñecemento da dirección e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

1526

1527

2. A xefatura de estudos facilitará á dita xunta un espazo adecuado para que poida celebrar as súas reunións.

1528

1529

Artigo 58º. Eleccións.

1530

1531

1532

1533

1534

1535

1. Cada grupo da escola elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable, no prazo máximo de dous meses dende o inicio do curso escolar, unha persoa delegada de grupo, que formará parte da xunta de representantes do alumnado. Elixirase tamén unha persoa subdelegada, que substituirá á delegada en caso de ausencia ou enfermidade e apoiaraa nas súas funcións.

1536

1537

1538

1539

2. As eleccións de representantes do alumnado, así como a do delegado ou delegada que presidirá a xunta, serán convocadas pola xefatura de estudos, e organizadas por ela en colaboración co profesorado e os representantes do alumnado no consello escolar.

1540

1541

1542

1543

1544

1545

3. A designación de alumnado delegado e subdelegado e delegado-presidente poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ao docente que corresponda, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

1546

4. A xunta de representantes do alumnado terá as seguintes funcións:



- 1547 a) Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do
1548 proxecto educativo da escola e da programación xeral anual por
1549 iniciativa propia ou por petición daquel.
- 1550 b) Informar aos representantes do alumnado no consello escolar dos
1551 aspectos do seu interese.
- 1552 c) Recibir información dos representantes do alumnado no consello
1553 escolar sobre os temas tratados nel, e das organizacións estudantís
1554 legalmente constituídas.
- 1555 d) Elaborar informes para o consello escolar por iniciativa propia ou
1556 por petición deste.
- 1557 e) Elaborar propostas de modificación das normas de organización e
1558 funcionamento da escola dentro do ámbito da súa competencia.
- 1559 f) Informar ao alumnado da escola das actividades da xunta de
1560 representantes do alumnado .
- 1561 g) Formular propostas á xefatura de estudos para a elaboración dos
1562 horarios.
- 1563 h) Formular propostas á vicedirección para organización as
1564 actividades culturais e de promoción de idiomas.
- 1565 i) Debater os asuntos que vaia tratar o consello escolar no ámbito da
1566 súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus
1567 representantes nel.
- 1568 5. Cando o solicite, a xunta de representantes do alumnado, en pleno ou
1569 en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno da escola nos
1570 asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente,
1571 no que se refire a:
- 1572 a) Celebración de probas.
- 1573 b) Establecemento e desenvolvemento na escola de actividades
1574 culturais e de promoción de idiomas.
- 1575 c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono
1576 ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do
1577 equipo docente.
- 1578 d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na
1579 valoración do rendemento académico do alumnado.

1580

1581 **Artigo 59º. Alumnado delegado de grupo**

1582 1. Funcións:

- 1583 a) Asistir ás reunións da xunta de representantes do alumnado e
1584 participar nas súas deliberacións.
- 1585 b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións
1586 do grupo ao que representan.
- 1587 c) Fomentar a convivencia entre o alumnado do seu grupo.
- 1588 d) Colaborar co profesorado e co equipo directivo da escola para o bo
1589 funcionamento desta.



1590 e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións da
1591 escola.

1592 2. Os representantes do alumnado non poderán ser sancionados polo
1593 exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos e alumnas, nos
1594 termos da normativa vixente.

1595

1596

TÍTULO V. Calidade e excelencia

1597

Artigo 60º. Procesos de avaliación da calidade

1598 1. As escolas oficiais de idiomas deberán participar en procesos de
1599 avaliación interna e externa co obxectivo de estimular a mellora da súa
1600 calidade ata niveis de excelencia, ou ben de mostrar os niveis de
1601 excelencia alcanzados nun ou máis ámbitos da súa actuación.

1602 2. A avaliación estenderase a todos os ámbitos de actuación,
1603 especialmente os relativos aos procesos de aprendizaxe e resultados do
1604 alumnado, á actividade do profesorado, á función directiva e ao
1605 funcionamento e organización das escolas.

1606

1607

1608

Artigo 61º. Avaliación interna.

1609 1. As escolas oficiais de idiomas deberán realizar procesos de avaliación
1610 interna como procedemento para obter a información necesaria para
1611 establecer, se é o caso, medidas de mellora da calidade nos ámbitos que
1612 cumpra.

1613 2. A Consellería competente en materia de Educación apoiará a
1614 avaliación interna das escolas mediante a elaboración de protocolos e
1615 aplicacións informáticas que faciliten este labor.

1616

1617

Artigo 62º. Avaliación externa.

1618 1. Correspóndelle á Consellería competente en materia de Educación
1619 realizar a avaliación externa das escolas oficiais de idiomas. Esta
1620 avaliación realizarase para obter e analizar información sobre a
1621 adecuación do proxecto educativo, e do funcionamento, organización e
1622 xestión da escola aos requirimentos sociais de formación en idiomas e,
1623 de acordo coas valoracións resultantes, tomar as decisións de política
1624 educativa que conveñan, encamiñadas á mellora da ensinanza de
1625 idiomas.

1626 2. Para a realización da avaliación externa utilizarase o soporte de
1627 estándares relevantes de calidade axustados ás características das
1628 escolas oficiais de idiomas.

1629 3. A inspección educativa, no ámbito das súas competencias, apoiará e
1630 supervisará os procesos de avaliación das escolas.

1631

1632 **Disposición Adicional Primeira.** Non poderán formar parte do consello



1633 escolar, ocupando o posto asignado á xefatura de estudos, as persoas
1634 responsables da xefatura de estudos nas seccións das escolas oficiais
1635 de idiomas.

1636

1637 **Disposición Adicional Segunda.** Determinadas ensinanzas de idiomas
1638 poderán ser impartidas en institutos de ensino secundario

1639

1640 **Disposición derradeira primeira.**

1641 Facultase ao Conselleiro competente en materia de Educación para ditar
1642 cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación
1643 do que se establece no presente Decreto.

1644

1645 **Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

1646 O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación
1647 no Diario Oficial de Galicia.